

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS FAMILIARES E COIDADORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 18 de marzo de 2024, coa Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dende o día seguinte ao da sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cos seguintes obxectivos:

1. Formación continuada dos/as profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións.
2. Formación continuada das persoas que integran as directivas das asociacións de enfermos de Alzheimer e familiares.
3. Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas de formación e coidados de persoas coidadores.
4. Sensibilización social.
5. Información, orientación e asesoramento a familiares e persoas coidadoras.
6. Deseño e desenvolvemento conxunto coas asociacións federadas de programas psicoeducativos.
7. Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen unha demencia e as que as coidan.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a encargada de fomentar programas asistenciais de continuidade de coidados e de atención á cronicidade

no marco das estratexias do Servizo Galego de Saúde no ámbito da atención primaria.

As demencias neurodexenerativas son consideradas pola Organización Mundial da Saúde unha cuestión de prioridade pública. Na Comunidade Autónoma de Galicia o avellentamento da poboación ocasiona un aumento das problemáticas dexenerativas e, entre elas, esta a Enfermidade do Alzhéimer.

Estas persoas con frecuencia viven coa súa familia, tendo moitas veces que resolver problemas que entrañan unha grande dificultade, xerando situacións inquietantes para os familiares e que podería ser resolta cunha formación mínima dos coidadores principais.

Diversos estudos demostran o impacto negativo da pandemia por covid-19 nas persoas con demencias que viron agravada a súa situación de saúde, froito das restricións e eventuais situacións de illamento social, sendo a formación das persoas coidadoras crucial para afrontar as súas necesidades.

A Federación de Asociacións Galegas de Familiares e Enfermos de Alzhéimer (en adiante, FAGAL) é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio aos familiares de enfermos do Alzhéimer, tendo como un dos seus fins a formación das persoas coidadoras principais e a divulgación e sensibilización da poboación sobre esta enfermidade.

FAGAL é a única federación da comunidade autónoma que aglutina diversas entidades e organizacións adicadas especificamente ao ámbito das persoas con enfermidade de Alzhéimer e aos seus familiares, e ten a capacidade necesaria para desenvolver eficientemente as actividades obxecto deste convenio en toda a Comunidade autónoma, polo que non procede a concorrencia pública doutras entidades.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

